

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día vinte e oito de outubro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 21 de outubro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de outubro de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 16 de outubro de 2025 pola que se modifica a Orde de 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña de concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas á entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D) (Diario Oficial de Galicia número 25, de 6 de febreiro). DOG número 205, de 23-10-2025.
- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, bases do programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais durante o ano 2026 (FOPPSS/2026). BOP número 205, do 27-10-2025.
- Dirección Xeral de Traballo, Ministerio de Traballo e Economía Social, Resolución de 17 de outubro de 2025, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2026. BOE número 259, do 28-10-2025.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 17 ao día 23 de outubro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 979/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 1018/2025, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
979/2025	17-10-2025	Solicitud formulada por MSBA en representación de FMFM, no que manifesta que a documentación remitida polo Concello, non se corresponde coa solicitada, estimar parcialmente, por canto que se ben a documentación que lle foi remitida está completa e se corresponde coa solicitada, constatouse que no informe da arquitecta técnica existe unha errata, xa que no seu encabezamento se refire a un expediente distinto e a outra interesada, indicándolle que a citada referencia constitúe un simple erro material, que se pode aclarar facilmente coa lectura das conclusións do informe, nas que xa se refire de maneira indubitada ás obras realizadas na parcela sita en Estrada da Estación
980/2025	17-10-2025	Convocar proceso para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión económica-financeira interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
981/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de MCVB falecida o día 2 de agosto de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 26, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 3 de agosto de 2025
982/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de JLR falecido o día 8 de agosto de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número

		25, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 9 de agosto de 2025
983/2025	17-10-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 86 metros lineais, para o tendido dunha liña subterránea de media tensión, e instalar un centro de seccionamento na parcela sita na rúa Bell, polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: CN, SL
984/2025	17-10-2025	Autorizar a licenza de ocupación en data 18 de outubro de 2025 o espazo público situado na praza Manuel Murguía no Temple-Cambre de 10:30h a 14:00h co obxecto de colocar mesas solidarias e informativas. Solicitante: AECC
985/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de LCR falecida o día 17 de setembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 27, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 18 de setembro de 2025
986/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de MJPZ falecida o 4 de xuño de 2025, foron depositadas na urna central sinalada co número 30, letra C no cemiterio municipal de Cambre, en data 5 de xuño de 2025
987/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de SRB falecida o día 3 de agosto de 2025, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 165, letra B no cemiterio municipal de Cambre, en data 8 de agosto de 2025
988/2025	17-10-2025	Aprobar as facturas e os gastos por un importe total de 7.102,59 euros
989/2025	17-10-2025	Aprobar a factura por importe total de 5200,00 euros
990/2025	17-10-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 6/2025 por un importe de 27.844,79 euros
991/2025	17-10-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 5/2025 por un importe de 16.485,20 euros
992/2025	17-10-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de outubro de 2025
993/2025	17-10-2025	Inscribir o can identificado como LUCKY de raza American Staffordshire Terrier, sexo macho e microchip número 941000025694067, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: RMT
994/2025	17-10-2025	Inscribir o can identificado como ZEUS de raza American Stafford (mestizo), sexo macho e microchip número 941000031043200, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: IPS
995/2025	20-10-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 23.10.2025
996/2025	20-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SJM
997/2025	20-10-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación

		básica de hixiene persoal solicitada o 02/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: MCFM
998/2025	20-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada o 08/05/2025, destinada ao pagamento dun recibo de luz por importe de 133,17 euros correspondente ao periodo de 20/03/2025 ao 21/04/2025, segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: MCFM
999/2025	21-10-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 3 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao punto de recarga de vehículos eléctricos sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, SA
1017/2025	23-10-2025	Conceder, a partir da facturación correspondente ao terceiro trimestre de 2025, a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal num. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, no domicilio de subministración, por cumprir os requisitos establecidos, e aplicarles a tarifa 1.B do Epígrafe 1. Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15: Dar de baixa, a partir da facturación correspondente ao terceiro trimestre de 2025, a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, por mor de non ter aportado título de familia numerosa en vigor, a aplicación da bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, por usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, por mor de non cumprir os requisitos esixidos no artigo 4 apartado B, ao non ser pagador do recibo
1018/2025	23-10-2025	Conceder a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do terceiro trimestre de 2025, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da poliza de abono e estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación. Denegar a bonificación solicitada con data de rexistro de entrada 1 de abril de 2025, na dirección de subministración, por comprobarse a súa baixa como residente no municipio no padrón municipal de habitantes

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**



A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, roga que xa que a publicación das alegacións a La Huella Sonora se fixo en nome do PP, que se modifique a publicación na web, e que se retire a foto na que sae un anagrama do PP.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo